


IV Certame Literario Concello de Paradela

PREMIOS POESÍA e NARRATIVA



Xuízo

Ola, lector. Chá nome Xuíza. Un nome extraño para un home certo. Pero é que eu non son un home. Fumo, e certo, e vivon un nome, e unha profesión. Esqueci o meu nome. Esa é a miña maldición. A miña condena. Pero non esqueci o meu oficio. Eu fumei, e a miña cabeza nacian, vivían, andaban, e choraban os meus personaxes; civilizacións enteras que existían no dos meus escritos, ou iso, malpocado, pensaba eu.

Manuel Orestes Rodríguez López

**IV Certame
Literario
Concello de Paradela**
PREMIOS POESÍA e NARRATIVA



**Manuel-Orestes
Rodríguez López**

A Manuel-Orestes Rodríguez

“Unha vez máis segues
pautándonos o tempo na túa obra”

Unha ilusión cumprida

Tiveches Manuel-Orestes, unha ILUSION, esta non era outra ca de TRABALLAR EN EXCLUSIVA POLA CULTURA GALEGA. Daquela non te decatabas de que xa o estabas a facer, pois as túas sementeiros empezaban xa a xermolar, era unha punxente realidade.

O que estou seguro non podías imaxinar era ca túa ILUSION tivera continuidade ó traveso dos tempos, convertíndose así nun membro máis da “SANTA COMPAÑA DE GALEGOS INMORTAIS: Santos, guerreiros, estadistas, homes da ciencia e das letras” (A.R.Castelao).

FUCHES escritor de doada pluma, de louvable estilo e fina sensibilidade, que cultivaches con intelixencia os xéneros literarios, devoto das nosas cousas e das nosas xentes, labrando así un sentimento de home

vencellado ás esencias da súa terra e que soupeches transmitir na túa depurada obra.

Cumpriches, pois, o teu anhelo e SEGUES agora a traballar, desde unha posición privilexiada, pola Cultura Galega e xamais rematara-la túa edificante laboura, creando unha gran obra acompasando tempos, feitos, tonos, ritmos... todo iso dun xeito sobrenatural, non deixando lugar á apatía.

Por todo isto, e por tódalas loubanzas que como persoeiro sobresaínte dos nosos valores literarios che serían propias, xamais ficarás nas trebas do esquecemento. Un dos actos que o confirma foi a homenaxe que che rendiu o Centro Galego de Barcelona (outono 98) ó que acudimos con especial agrado, pois somos coñecedores do teu amor por

tal institución. Alí coñecemos os teus desvelos, o teu traballo, as túas horas sacadas ó lecer e adicadas ó mesmo, os teus devezos por unir ós galegos da Cataluña e a loita constante para unir ós galegos de alí cos da “Matria” Galicia, o que me fai estimar que fuches o INTERNET da década dos setenta-oitenta, bastando pra comprobalo con votar unha ollada ós teus dous libros galegos en Cataluña. Foi un acto entrañable, alí estaba a túa familia, amigos, coñecidos, homes de letras: Blanco Castro, Alfredo González, o profesor Basilio Losada, que disertou moi acertadamente sobre a túa persoa e obra.

Vai facer unha década que nos deixaches físicamente, fíxechelo sinxelamente, coma tódalas túas cousas. Nós presumimos de que tiveras o teu berce nesta Terra e que, dende a emigración, desenvol-

veras unha ampla laboura de espaxamento da nosa Cultura. Proba do que digo ven a ser esta publicación que estamos seguros segue a cumprilo os teus desexos.

A este IV Certame concorreron máis de medio cento de autores, o que agradecemos ferventemente, ademáis de felicitar ós dous gañadores: D. Roberto X. Traba Belay e Dna. Beatriz Piñeiro Calvo.

A todos desexámoslles unha continuidade e que os que coñezan esa publicación lles sexa de proveito. De seguro co noso Poeta de Paradela estará vixilante para auxiliar, desde as ondas do ar, ós que coma el teñan una ILUSION.

Paradela, novembro 1999

Asdo.: X.Manuel Mato Díaz

Manuel Rodríguez López, no ceo dos galegos

Eu tiña que facer, aquí e agora, unha semblanza de Manuel Rodríguez López, pero non o vou facer, alomenos do xeito habitual. Pero agardo que o que me escoite - ou quen lea estas liñas no libro que resuma esta edición do certame- se coñeceu a Manolo o recoñeza nas miñas palabras, e se non o coñeceu, teña unha idea mínima da grandeza humana deste “Galego en Catalunya”, que cada ano é de novo profeta na súa terra.

Eu falo sempre de Manolo en tempo presente, porque eu sei que está vivo, xa que vive en nós; e porque sintonizamos con el e el connosco, escóitanos desde ese máis alá do que non sabemos nada pero no que cremos que ten que existir algo importante, despois desta dura etapa de preparación na que nos atopamos. Cando falo con el ou para el, sei que Manolo me escoita, e por eso coído poder escoitalo -intuílo- tamén a el.

E sabendo como é Manolo, coñecendo a Manolo, sei que hoxe -día da entrega dunha nova edición anual do seu premio- iría (foi) falar con Deus, co Deus galego do ceo dos galegos, porque llo pedía o corpo.

“Mira Señor -dixo Manolo- eu quixera que aló na miña terra tiveran algunha nova de min, do estado en que me atopo, que souberan de como funciona esto do ceo galego que tan ben responde á Galicia da terra. Porque, Señor, os galegos deberan saber que aínda que Galicia nos parece -especialmente ós que estivemos tanto tempo fóra- un auténtico ceo, aínda temos outro ceo reservado para nós.

Eu, Señor, como ti ben sabes, fun emigrante en Catalunya e alí aprendín a querer a miña terra; no Seminario ensináronme que hai valores permanentes que reciben nomes como “familia”, “terra”, “amigos”, “traballo”, “Deus”, “leal-

tade" ... E a eses valores sometínme toda a miña vida. A vida ensinoume todo o demáis. Foi unha dura escola; foi unha boa escola. Pais, Seminario, Vida... ¡Qué maxisterio, Señor!

Traballei arreo en Catalunya, formei unha familia compacta, firme, aneiciando sempre voltar á terra. E conseguino, aínda que por pouco tempo.

Eu non fun máis que o reflexo do noso pobo, ategado de mandaduras. Pero tamén, coma o noso pobo, sabendo sorrir; sabendo que da vida hai que obte-lo mellor, que non quere dicir quedarse só co que é máis grato, máis doado, máis superficial.

En Soldada mínima de poeta obreiro, escribín: "Boto de falla o terrón, / choro magoado, no cárcel da vila o meu Sino, / i ergo as pálpabras ó ceu pescudando un indulto / pra ista cadea perpetua que vivo".

¡Non me collerías a palabra, Señor! O indulto para a cadea perpétua de vivir, non se refería a un pasamento físico. Eu pedía, como ti ben sabes, liberación para os males de meu pobo, que coido non é moito pedir.

Escribín con urxencia, de todo o que vin, do que coñecía, do que intuín... Poesía, do que ninguén coidaba era poético. Denunciei, informei, berrei. Quizais se me acomodase un pouco máis, houbérao tido máis fácil. Pero era o meu deber. E o deber é o Deber.

Chamáchesme, señor... Ti saberás por que. E ós teus designios sométome. Deixei muller, fillos, nai, irmás, amigos... Eu quixera, Señor, que precisamente hoxe permitises que lles chegase a todos unha especial mensaxe de agarimo e de lembranza. Que saiban que estou ben; que só me faltan eles.

Eu quixen, Señor, con loucura. Pero tamén recibín, na mesma

Manuel Rodríguez López, no ceo dos galegos

medida, o amor da miña xente e da miña terra nativa que me acolleu no seu seo. E descanso Señor, na “Patria dos meus antergos, Paradelá”, unha fermosa patria pequena deitada á beira do Camiño de Compostela onde reina o Fillo do Trono, o teu Apóstolo galego.

Hoxe, Señor, aló embaixo, xente que me quixo e que me quere, xúntase para lembrarme outra vez... Bóttalles un ollo e unha man, Señor, que son boa xente.

Eu -que estou na gloria- quixera pedirche un gran favor... Xa sei que debera estar totalmente feliz; que debera disfrutar do que no Ceo hai, que con estar á túa beira tiña que ter abondo... Pero, Señor, a min fáltame algo.

Fáltame a terra, a xente, a miña xente... Eu Señor, estouche por dicir que aquí non me afago...

Ou sí que me afago, pero non estarei contento ata que teña comigo tódolos meus. Aquí estou, sen presa -eso sí- agardando por eles, porque sen eles eu non son nada, como eles sen min tamén están un pouco orfos. Mentras tanto, Señor, eu quero algo que facer...

Eu podería botarlle unha man a algún rapaz en dificultades... Non sei se lembras aquilo que escribín de que “Sen picariños, / do amor as fontes cegarían / e a poesía morrería”.

Pois eu podería apadriñar un picariño. Eu quero ser útil desde aquí, e ten que haber algo que eu poida facer.

Gostaríame ser o anxo da garda para un rapaz galego. Pero agardaréi o que faga falla ata que ti vexas o rapaz que se acomode ós meus xeitos. Se coidas que podo

facer algo mellor, conta comigo para o que sexa. Porque eu non sei estar sen facer nada, tampouco aquí”.

Esto foi o que hoxe lle dixo - máis ou menos- Manolo ó Deus galego do ceo dos galegos. Seino. Poi así. Porque Manolo non pode estar alí sen tentar facer algo útil para a súa terra, para a súa xente.

Pero Deus díxolle -seguro- que tanto de bo nun home non se debe concentrar nunha soa persoa aínda que sexa un rapaz que apunte boas maneiras.

Tampouco hai tanta xente con gañas de traballar, e sabendo o que fai. E díxolle o Señor que se tiña vocación de anxo da garda, que seguise exercitándoa... Que el ben sabía que Manolo non andaba cruzándose de brazos polo ceo dos galegos, e estaba sempre ocupado -

co permiso da Superioridade ou non- en cousas de por acó, en botar unha man por aquí abaixo.

O Señor despideuno amistosamente: Anda, Manoliño, déixate de contos e segue a facer o que ves facendo, que eu ben che coñezo as mañas. Segue nas túas cousas que o estás facendo moi ben, ou ¿coidas que se non fose por ti ían andar as cousas tan ben por alí abaixo?

E así -aínda non sei ben cómo- enterámonos que cada un de nós ten un bo anaco de anxo da garda no ceo... que responde ó nome de Manolo de Paradela porque a Igrexa aínda non está preparada para recoñecer oficialmente a San Manolo Rodríguez López. Pero, ¡deixa que xa!

Xulio Xiz Ramil

Bases

PRIMEIRA: Establécense un Premio de 50.000 pesetas para a obra que resulte seleccionada polo Xurado dentro do apartado de Poesía e outro de 50.000 pesetas para a obra que resulte seleccionada polo Xurado dentro do apartado de Narrativa.

SEGUNDA: Os relatos terán unha extensión máxima de vinte folios, sen mínimo; a obra de poesía terá unha extensión máxima de 100 versos. En ámbolos dous casos, escritos a máquina a dobre espacio. Deberán ser orixinais, inéditos, non premiados en calquera outro tipo de concurso e estar escritos en galego ou en castelán.

TERCEIRA: O prazo de entrega dos relatos e da obra poética rematará o trinta de novembro de 1998. Presentaranse no Rexistro de Entrada do Concello de Paradela, por quintuplicado exemplar, sen sinatura e cun lema. Adxuntarase un sobre no que figure o devandito lema e dentro del unha cuartilla co nome, dous apelidos e teléfono do autor. No caso de participación en ámbolos dous apartados, deberase concursar en

cada apartado por separado, utilizando un lema propio en cada caso e presentando a obra por separado.

CUARTA: O Xurado designado polo Excmo. Concello de Paradela pode deixar deserto o premio nun ou nos dous apartados e a súa decisión será inapelable.

QUINTA: As obras premiadas pasarán a ser propiedade do Excmo. Concello de Paradela, que se reserva o dereito a publicalas.

SEXTA: O autor ou autores premiados convocaranse ó acto de entrega dos premios, que terá lugar en Paradela, na data que se fixe polo Excmo. Concello.

SETIMA: A resolución de tódalas cuestións que poidan xurdir ou plantexarse nesta convocatoria, é de exclusiva competencia do Excmo. Concello de Paradela e do Xurado.

Paradela, setembro de 1998.

Fallo do xurado

Acta de constitución do Xurado “IV Certame Literario Manuel-Orestes Rodríguez López”

Reunidos no salón de sesións do Excmo. Concello de Paradela, sendo as once horas do día vintedous de Xaneiro de 1999. O Xurado designado para o fallo do “IV Certame Literario Manuel-Orestes Rodríguez López”, formado polos señores:

- D. Xosé Manuel Mato Díaz (Alcalde-Presidente do Excmo. Concello de Paradela).
- D. Antonio Calvo Varela (Ilmo. Sr. Delegado Provincial da Consellería de Cultura da Xunta de Galicia en Lugo).
- D. Xesús Mato Mato (Crego, escritor e musicólogo).
- D. Xulio Xiz Ramil (Funcionario da Delegación Provincial de Cultura en Lugo, escritor e periodista).
- D. Darío Xohán Cabana (poeta e escritor).
- D. Xabier Rodríguez Barrio (poeta e escritor).

- D. Santiago Rodríguez López (fillo do homenaxeado).
- e D Xosé Luis González Pérez, Secretario accidental do Excmo. Concello de Paradela, que da fe do acto.

Acto seguido procédese a calificar as obras presentadas, e atopadas conformes ás bases no seu día aprobadas.

O Xurado acorda por unanimidade:

PRIMEIRO: Otorgar o Premio de POESIA, á obra presentada por D. Roberto X. Traba Velay baixo o lema Miguel Anxo de Buxante, titulada “CANDO O SILENCIO FALA DE AMOR”.

SEGUNDO: Otorgar o Premio de NARRATIVA, á obra presentada por D^a Beatriz Piñeiro Calvo baixo o lema Xuízo, titulada “XUIZO”.

E para constancia do tratado, levántase a presente acta, en Paradela, na data arriba indicada, do que eu como Secretario accidental dou fe.

Premio “Manuel-Orestes Rodríguez López”

Poesía



Roberto X. Traba Velay, nacido en Fisterra (A Coruña) o 19-6-1961, é taberneiro de profesión e poeta, articulista e coleccionista de pedras de vocación. En Fisterra rexenta o Bar Galería onde organiza diferentes actividades culturais como exposicións, recitais e actuacións musicais. Na década dos 80 dirixiu a revista comarcal “O Berrón”. Colabora na Voz de Galicia onde publica semanalmente a columna “Crónicas de Fisterra” na edición de Bergantiños. Asimesmo colabora con Radio Voz e Radio Fisterra, dirixindo varios programas diarios, entre eles, “A hora do mate”, “Nunca é tarde pola tarde” ou “O petón de Salomón”. E tamén animador das comparsas do Entroido fisterrán.

En canto á súa obra literaria, ten acadados premios como o Merlinka de Ponte do Porto. Segundo premio nos concursos Desiderio Paz Figueroa de Fisterra e Domingo Antonio de Andrade de Cée. Accésit no premios Manuel-Orestes Rodríguez de Paradela e no premio de poesía Rosalía de Castro da A. Galega de Cornellà. Tén publicado en diferentes revistas como “Cristal”, da Universidade da Coruña, e outras, como “Sete Crises”. Xunto con outros poetas fisterráns, publicou na Editorial Espiral Maior o libro de poemas “De mar e vento”. A súa obra poética está agochada nos caixóns das mesiñas de noite e nas vellas libretas de alambre. Foi titulado no seu intre como Itinerario de sombras e mulleres para ir mutando co tempo en “Versos en clave de lúa”.

Cando o silencio fala de amor

Sumido no insomnio non cesa o teu recordo,
circula pola pel e a sombra das paredes,
non sei se por azar ou estraña circunstancia
asoma na lingoaxe en forma de palabras
e invade o pensamento para esquencelo todo.

A noite xa se adentra na súa hora profunda,
o sono non chega e os ollos non se pechan,
a túa imaxe fráxil está ó lado da porta
e dende a calma entendo esta inmensa distancia
que hai entre nós os dous e que non ten medida.

A esta sensación, con medo da palabra
podo chama-la amor ou loita obsesionada,
ou atracción quizais de química e de ollos
ou labirinto tolo no que se agocha a ansia,
pero non me conformo, pois este sentimento
por moito que o busque non ven nos dicionarios.

Así que vaite hoxe, delicado espexismo
e déixame durmir nun estirado sono
que o tempo xa dirá o que mellor conveña
sobre este enigma louco que en hora misteriosa
presenta o teu recordo con incesante estalo
de insomnio e de palabras sumidas no silencio.

Premio “Manuel-Orestes Rodríguez López”

Poesía

Os teus ollos saben do meu silencio
éste que fala de amor sen palabras,
con esa lingoaxe primitiva e misteriosa
que pervive dende sempre na memoria,
como pervive o riso na alegría
e o pranto na tristura da hora triste.
O meu silencio é unha seña do profundo,
unha voz que se entende e non ten timbre,
que agochada delata sentimentos
con antigas transparencias que soio ti descubres,
que soio ti descifras sen que a xente se decate.

O meu silencio nos teus ollos é un eco,
que repite mudamente unha pregunta,
que interroga, e se sorprende, e non entende,
o porqué desta conversa sen palabras.

Pero un día, algunha noite cando caian as murallas...

Non é claridade, non
nin é transparencia antiga da luz,
nin no reflexo da raiola no cristal,
senón na penumbra escura, negra e cega,
na espesura do borraxo sobre a terra,
no silencio lento e contido da noite,
onde te atopo agochada entre palabras
que resollo e que mixturo en ocultas escrituras.

Non é nas longas avenidas, non,
nin nas aceiras de adoquíns, nin nos estanques,
nin nas rúas cheas de cines, nin nas luces da cidade,
senón no monte de óleo verde non pintado

e no vento do Norte que da forma ó granito,
e no salvaxe berro do mar, e nos chubascos
que limpan as paredes, onde sinto
despaciño o teu andar pola erva debuxado.

Non é nas rimas dos poetas, non
nin nos sublimes versos de amor, nin nas cantigas
nin nas trovas dos modernos trovadores,
nin nas liras e os sonetos que outros compuxeron,
senón nas noites de insomnio cando xa nin quedan folios,
onde ollo a túa voz enter letras asomada
onde escoito a túa ollada que parece que descansa
na varanda do poema, sobre estrofas non oídas
polas miñas mans escritas, cas miñas propias palabras.
Pero tamén quero o teu corpo de femia diferente
e sentir ese estalo imposible e tembloroso
que viaxa por un río de suores e de muecas,
revolvéndose na carne, penetrando no profundo,
mixtureado por un cauce de tolemias e tenruras
que deteñen o tempo nun instante infinito.

Ansío ese intre delicado e monstruoso
no que os corpos preciñtanse e resbalan
ata o fondo dun abismo diminuto.
Tamén quero o teu corpo de femia que imaxino
como un arcón pechado xa fai tempo,
e desexo descubrir o que oculta o seu misterio
beber o bebedizo do amor que leva dentro
e ofrecerte a miña maxia despida e solitaria
para falar despois mirando para o teito.

Quero ser animal para ser de novo home,
espallarme na calma que a treboada deixa
e anunciarte con palabras a verdade do silencio
aquele que antes asomaba pola beira dos meus beizos.

Premio “Manuel-Orestes Rodríguez López”

Narrativa

Chámome Beatriz Piñeiro Calvo, e vivo na Coruña, cidade onde nacín fai xa dezasete anos. Desde



que podo recordar, ler e inventar historias foron as miñas afeccións preferidas. A beleza e a maxia que os libros encerran entre as súas páxinas, engaioláronme, e non puíden resisti-la tentación de sumerxirme nelas. Desde que aprendín a ler, foron moitos os autores que pasaron polas miñas mans: dende Kenzaburo Oé ata Cervantes, pasando por Henry Miller, Hanif Kureishi, Milan Kundera, Castelao, Fole, Delibes, Rosalía... De todos eles fun aprendendo algo.

Cada vez que ría, disfrutaba ou choraba cun libro, medraban as miñas ansias por chegar a ser quen de escribir relatos con tanta forza e beleza. Un bo día, decidínme a escribir sobre un papel unha das moitas historias que rondaban, e seguen a rondar, pola miña cabeza. Titulábase “A fábrica das letras”, e aínda non a rematei: escribir a man facíase insoportable, e cando aprendín a escribir a máquina, a vella historia xa non me interesaba. Pero nela había unha cousa que me deixou marcada: os primeiros folios, escritos había xa moitos anos, falaban dun lugar horrible, dunha especie de inferno estéril e gris, chamado “O Val das Historias non Contadas”. Por el vagaban sen rumbo, tristes e tétricas como pantasma, as historias que alguén pensa e non se atreve a escribir, ou a contar. Cando son olvidadas, polo seu creador, as historias adéntranse ata afogarse nunha lagoa de augas densas e negras, situada no medio do val; a “Lagoa das Palabras Nunca Ditas” e así morren, esquecidas. Por iso decidín escribir, para permitirilles escapar do olvido, que é a peor morte. E o certo é que non me vai tan mal. Presenteime a un certame literario por primeira vez ós 13 anos, e iste é o noveno certame que gañei en tan pouco tempo. Quen sabe. Tal vez algún día consiga estar á altura dos escritores que tanto admiro.

Xuízo

Ola, lector. Chámome Xuízo. Un nome extraño para un home, certo. Pero é que eu non son un home. Funo, é certo, e tiven un nome, e unha profesión. Esquecín o meu nome. Esa é a miña maldición. A miña condea.

Pero non esquecín o meu oficio. Eu fun escritor. Na miña cabeza nacían, vivían, amaban, loitaban, rían e choraban os meus personaxes; civilizacións enteiras que só existían no universo caótico dos meus escritos, ou iso, malpocado, pensaba eu.

Unha noite de outono, a última noite da miña vida coma home, soaron tres golpes na miña porta. Erguínme atordado polo sono, e abrín a porta esquecéndome de comprobar quen era.

Dous homes vestidos con uniformes de policía saudáronme dende o umbral da porta. Levaban a cara acuberta por cadansúa máscara veneciana, que representaba un rostro deformado polo carraxe. Os seus ollos estaban ocós. A través dos buratos das máscaras só se vía escuridade.

- ¿E vostede X, residente na cidade alfa, rúa Z, portal 59, piso 7º? -preguntaron con voz de soldados nazis.

- Sí.

- Ben. Veña connosco -dixeron.

Sen me dar tempo a reaccionar, golpeáronme na cabeza, e perdín o sentido.

Espertei dentro dun xulgado. As luces estaban acesas, era noite pecha e o vento que zoaba nas fiestras dáballle á sala o aspecto dunha cámara de execu-

Premio “Manuel-Orestes Rodríguez López”

Narrativa

cións. ‘Eu estaba sentado no banquiño dos acusados. ‘Había un xurado, trinta persoas coa cara cuberta por máscaras: de medo, de aburrimiento, de sorpresa.

‘O que debía se-lo avogado defensor tiña unha máscara de raposo, o fiscal de voitre, e o xuíz, inalcanzable no alto estrado, non tiña rostro. ‘Nin orellas, nin ollos, nin boca. ‘E os ollos de todos eles estaban baleiros. ‘A través das máscaras só se vía escuridade.

- ‘Póñase en pé o acusado -bramou o xuíz.

‘Erguínme.

- ‘¿E vostede X, residente na cidade alfa, rúa Z, portal 59, piso 7º?

- ‘Son. si señoría.

- ‘Este tribunal acusao de crímenes contra a humanidade, asasinato, tortura, infanticidio, violación, inducción e asistencia ó suicidio, e axuda a criminais.

Cada cargo era acompañado por unha exclamación horrorizada do xurado. ‘Eu non daba creto ós meus oídos.

- ‘¿Cómo se declara o acusado? -tronou novamente o xuíz.

- ‘Inocente, señoría -tatexei.

‘O fiscal riu a través da máscara de voitre.

- ‘Señoría, ¿poden pasa-las testemuñas? -preguntou.

‘O xuíz asentiu.

- ‘Adiante a primeira testemuña -dixo, coma un presentador dunha obra teatral.

‘Unha muller entrou na sala. ‘Vestida coma a comezos de século, cansa e derrotada, fíxoseme familiar. ‘Levaba unha máscara sen expresión. ‘Subiu ó banquiño dos testigos e o fiscal comezou a rolda de preguntas.

- ¿De qué acusa vostede a este home?

Unha voz horriblemente coñecida dixo:

- Doble asasinato e infanticidio.

- Ben, ¿podería dicirnos cales foron as vítimas?

- Rosa González, Ramesh El-Allami, e un neno nonnato, sen nome.

Refreguei os ollos. Non era posible. Simplemente, non podía ser posible. Non podía ser ela. Non.

Novamente o fiscal preguntou:

- ¿Podería dicirnos quen é Rosa González?

A muller quitou a máscara. Sí, era ela. Imposible, pero eses eran os seus ollos grises, os rizos castaños, o nariz pequeno, a boca grosa... Era tal como eu a imaxinara.

- Rosa González son eu. E él -dixo fitándome con infinito odio- asasinounos a min, ó meu amante e ó noso fillo.

- ¿Póde contárno-los pormenores do crime? -preguntou o fiscal.

- Por suposto -asentiu ela-. Esa miserable lesma, escritor de merda, asasinou emporcalla-folios, escribiunos hai trece anos. Comezounos a primavera de 1975, e rematounos no inverno do ano seguinte. O libro titulábase "O paxaro guía". Eu, o merdán co que ese non-sei-que-chamarlle me casou é Ramesh, o meu amor, éramo-las protagonistas.

Viviamos no París de finais do século XIX, cando a Revolución Industrial. Eu era española de orixe, pero nacida francesa, e o meu home, por chamalo algo, que ese nin era home nin era nada, chamábase Etienne e era francés. O noso matrimonio non lle era cousa do outro mundo: el traballaba

Premio “Manuel-Orestes Rodríguez López”

Narrativa

catorce horas diarias cosendo zapatos nun taller, onde tamén traballaban os nosos catro fillos, Jean-Marie, de trece anos, Anthoni, de once, Pierre, de oito, e unha nena, Rosa, de oito tamén. Eu traballaba nunha fábrica de teas, adicábame ó tintado, respirando vapores tóxicoa. Alí traballaba Ramesh. Era un arxelino que chegara nun barco mercante a Francia, e chegao ata París subido nun camión de patacas que conducía un amigo seu.

Eu tiña vinteoito anos, él trinta. Amámonos durante cento corenta e sete páxinas, unhas cinco mil oitocentas liñas de felicidade furtiva, bicándonos ás agachadas, ocultándonos, vivindo coma dous fuxitivos... un inferno, señoría.

Eu non era quen de respirar. Ela non era real. Era unha invención miña, un dos meus personaxes. Non podía estar alí falando. Ela non existía. Non podía ser real.

Ø avogado pediu a palabra.

- Señoría, tal vez o acusado quereda alegar algo na súa defensa antes de que a testemuña continúe.

- Está ben -concedeu o xuíz.

‘Erguínme. Rosa parecía querer despedazarme.

- Señor xuíz, eu non son culpable de nada. ‘Pensaba que eles dous eran felices coa súa situación... ‘Na época eran unha parella excepcional. ¡E amábanse! ‘Eu mesmo non ameí aínda.

- ¡Porco! -interrumpiu Rosa!- ¡Dille o que nos facías! ¡Cóntalle como era a nosa vida! Catorce horas, sen luz, case sen aire.

- Pero estabas ó lado de Ramesh.

Cando pronunciei ese nome, Rosa púxose a chorar e berrar, presa dun ataque de histeria. Os gardas que me secuestraron sacárona da sala, e no seu lugar entrou un mozo alto e fraco, de pelo rizo e pel escura: Ramesh.

Sentou no banquiño, e continuou o relato de Rosa. Ramesh, tal e como eu o concebira, era máis tranquilo que a apaixonada Rosa.

- ¿Pode dicirnos a que se debe a reacción da señora González? -preguntou o fiscal.

Claro -contestou pausadamente Ramesh-. Débese a que só estivemos xuntos un ano e dous meses. Cando fixemos os catorce meses exactos, o seu marido emborrachouse na mesma taberna onde estaba eu. Chamoume “can arxelino”, e outras aldraxes polo estilo. Pelexamos, pero metéronse no medio moitos homes brancos. Matáronme.

- ¿Cómo foi asasinado vostede? -interrogou o fiscal.

- Non sei. Perdín o coñecemento antes. Pregúntelle a él -dixo, e sinaloume coma un verdugo.

O avogado ergueuse.

- Señor xuíz, tiveron privilexio de ler as obras do meu defendido, e non creo que ningún personaxe máis poida aportarnos máis nada, así que deberíamos deixa-lo acusado conta-la súa versión dos feitos -rogou.

- Está ben -ruxiu o xuíz.

Levanteime. Non sabía que dicir. Vía tódalas máscaras fitándome sen ollos, e tremía de medo. A miña defensa foi un discurso atropelado e confuso:

-Verá, señor xuíz, eu non teño culpa ningunha, non sabía que fosen persoas reais. A Ramesh cortáronlle o pescozo, pero Etienne non sospeit anada, señor xuíz, e Rosa estaba embarazada de Ramesh, e eu...

Premio “Manuel-Orestes Rodríguez López”

Narrativa

- ¿Embarazada, di? -preguntoume o fiscal rozándome co nariz afiado da súa máscara.

- Sí, señor -asentín afastándome del-. Estaba embarazada, pero non chegou a te-lo neno porque morreu tuberculosa, e ó final do libro, Etienne vai enterra-la súa muller na mesma fosa na que xace Ramesh.

- ¿E vostede escribiu ese libro? -preguntoume de novo.

- “O paxaro guía”, si señor, si.

O fiscal voltouse cara ó xuíz con xesto teatral.

O avogado suspirou, e logo dixo:

- Señoría, perante a manifesta culpabilidade do acusado, a defensa retira calquera alegación.

E marchou da sala.

Así, sen avogado, só ante o fiscal, xulgáronme. Persoaxe a persoaxe, ata cen persoas, foron pasando polo xuízo. Uns defendéronme coma nais, outros tentaron agrdirme, algún negouse a declarar...

‘Pero o xurado declaroume culpable dos seguintes crimes: asasinato e malos tratos físicos e síquicos en tódalas súas modalidades, inducción ó suicidio, e “comportamento inhumano e inmoral ante a petición de auxilio”, por un relato que escribín ós dez anos sobre un boneco de neve que se derretía sen remisión.

Condeáronme ó que ves lector, a se-lo que tes nas mans. ‘Un relato, un conto, unha historia. ‘Un conxunto de letras, palabras, frases. ‘Nada máis. ‘Pensei que non lle tiña que render contas a ninguén, salvo ó meu editor. ‘Equivoqueime, e estou a pagalo caro: agora, só son unha sucesión infinita de letras, ordeadas coma as cifras dun periódico. ‘Toda a eternidade atrapado nesta repetición constante. ‘O meu único consolo é saber que teño dereito á vinganza: para escribirme empregaron a unha persoa, a outro escritor inocente coma o fun eu. ‘E algún día chamaráo o Tribunal, e poderei condealo a se-lo que hoxe son eu, o que tal vez algún día serás ti, lector.

Todas as historias levan presa no seu interior unha alma. ‘Por iso fan chorar, ou rir ou temer. ‘Esta leva presa a miña. ‘Pero lector, ten coidado, porque a próxima podería leva-la túa alma. ‘Só un consello: non abras xamáis se te espertan tres golpes na túa porta a mediamnoite, porque tal vez quere dicir que chegou a hora de render contas co Tribunal.

Adeus, lector. ‘Algún día volveremos a vernos.

Manuel-Orestes Rodríguez

Fillo predilecto de Paradela

Biografía

MANUEL-ORESTES RODRIGUEZ LOPEZ, poeta, escritor e traductor, naceu en Randulfe, San Miguel de Paradela (Lugo) o 11 de decembro de 1934. Residiu na emigración en Barcelona dende os seis anos ata 1987, data na que se afincou definitivamente na cidade de Lugo, onde faleceu o 13 de febreiro de 1990.

Fixo estudos de Humanidades e Filosofía no Seminario Diocesano de Barcelona, e de Contabilidade e Lexislación Laboral, traballando como xefe administrativo do departamento de personal nunha industria siderometalúrxica.

O longo da súa vida demostrou unha gran preocupación pola cultura e por Galicia, tanto na súa longa emigración en terras catalanas, onde chegou a ser cronista de tódolos actos referidos a Galicia celebrados en Catalunya, coma unha vez establecido en Lugo.

Froito das súas actaividades literarias, publicou diversos libros nos que firma como Manuel Rodríguez López, permanecendo parte da súa obra inédita. En

verso publicou: "POEMAS POPULARES GALEGOS" (1968), "SAUDADE NO BULLEIRO" (1970), "SOLDADA MINIMA" (1979), "ONTE E HOXE VIVENCIAL" (1995) e "A ATLANTIDA" (1995), tradución ó galego da obra de Jacint Verdaguer. En prosa: "REENCONTRO COA ALDEA" (1983), "GALEGOS EN CATALUNYA 1978-1982" (1983), "GALEGOS EN CATALUNYA-2" (1985), "VIAXES CON ANXEL FOLE" (1988), "FESTA DA VIRXE DAS DORES DE PARADELA 1989" (1989), libro-programa das festas e "VOLTA A ESPAÑA A PE" (1990), tradución ó galego do libro de Manolo Silva.

Ademais, colaborou en diversos libros colectivos, entre os que se atopan "HOMAXE O CHE" (1970), "A NOSA TERRA" (de "Libro de Oro", no centenario de Ramón Cabanillas) (1976), "HOMENAXE MULTINACIONAL A CASTELAO" (1976), "GALICIA NO ANO 1979" (1979), "JOSE M^a ACUÑA" (1983), "OS ESCRITORES LUCENSES ARREDOR DE FOLE" (1986), "VOCES POETICAS" (1987) e "ALIAD-ULTREIA. POESIA. PIN-TURA" (1993).

Acadou numerosos premios, entre os que destacan os primeiros premios de poesía “MEIGAS E TRASCOS” de Sarria nos anos 1976 e 1980 cos poemas “TI ES ETERNO” e “NEOPLASIA”, respectivamente; o Premio Xosé M^a Chao Ledo no III Certame Literario de Vilalba, en 1977, con “A EMIGRANTE” e o primeiro premio do Certame Literario de Begonte en 1985 coa obra “NOITE DE NADAL”.

En prosa, coa peza teatral “VIVOS UNHA LONGA TRAXEDIA”, conseguiu o primeiro premio “Nós” de Barcelona en 1980; ademais, en Sarria mereceon premio os seus contos “A MEIGUIÑAMEIGA E OS TRASCOS” (1977) e “QUEN ME DERA ATOPARME CO TRASGO” (1986) e, en Baracaldo, “BAIXA VOLUNTARIA” (1978). Nos “PREMIOS GALICIA DE XORNALISMO”, quedou finalista na sección de “Reportaxe”, nas convocatorias de 1985 e 1987.

Manuel Rodríguez López colaborou asiduamente en medios informativos de Galicia, Catalunya e Arxentina. Publi-

cou gran cantidade de artigos en diversos xornais e revistas de Buenos Aires; en Coordenadas e Dorna; no Boletín, en Treboada e Alborada do Centro Galego de Barcelona, do cal foi Cronista Oficial. Foi corresponsal de “Faro de Vigo” e de “El Ideal Gallego” na Cidade Condal, onde firmaba como MANUEL-ORESTE R. L., e habitual colaborador de “El Progreso” de Lugo, “La Voz de Galicia” e “Praza Maior” (voceiro do Concello de Lugo). Ademais, colaborou en temas de historia lucense, monumentalidade e viaxes en “Radio Nacional de España” en A Coruña e “Radio Popular” de Lugo.

Xerardo Moscoso, Suso Vaamonde, Alfredo González e M^a Carmen Otero musicaron e cantan varios dos seus poemas en numerosos recitais.

Co gallo do seu pasamento, foi nomeado “Fillo Predilecto do Concello de Paradela” e “Lucense del año”, inaugurándose tamén en 1990 a Casa de Cultura de Paradela co nome de “Manuel Rodríguez López”.

A campaña de Nosa Señora

Xa dixeran que Paradela está no Camiño Francés ó Sepulcro do Apóstol. Eu coido que o nome venlle de que, nesta bisbarra, os romeiros tomaban un pequeno descanso no seu peregrinar antes de facer noite en Portomarín.

Pois ben: por mor do ir e vir xacobeo, Paradela ten raiceiras relixiosas moi profundas e, aínda non hai moitos anos, as campás eran o medio de comunicación para convocar os feligreses ós rezos. É curiosa a virtude da campaña de Nosa Señora que estaba no máis alto do campanario de San Miguel e tiña un so finísimo que se oía de moi lonxe.

Cando unha muller era receosa para dar a luz, o campaneiro tanzía a campaña e os labregos, aínda que andiveran traballando no agro, púñanse de xeonllos a pregar á Virxe para que a valera no parto. ¡Era un remedio santo!

Contoume a miña aboa, a señora Concha de Randulfe, que nunha ocasión caeu na poza de Pías un boi e, cando saíu fóra sano e salvo apareceu coa campaña pendurada nun corno cun letreiro que decía: “Campaña de Nosa Señora”.

O crego levouna a San Miguel e colgouna no cimo da espadana de xeito que, para tanxela, o campaneiro precisaba dunha abaloira. Hai anos que fendeu e agora está na sacristía. É curioso: en Rusia hai outra que cando soa, as mulleres malparen. A Cándida de San Pedro ten un libro que o di.

As outras dúas campás de San Miguel chámanse Santa Bárbara e Santa Lucía. O pobo comprendía o significado das súas badaladas: cando morría unha muller, a grande tanxía tres veces, seguida dun toque da pequena. Cando había Sacramentos, repenicaba por longo, primeiro a Santa Bárbara, e despois a Santa Lucía. Cando o abade saía con El Señor,

A Festa de San Miguel

daba unha repinica dela soamente. No tempo das mallas, para escorrentar o trono, as campás de San Miguel cantaban: “Tente nube, tente tu / que Deus manda máis que tu. / Garda o viño, garda o pan / de nubeiros de alquitrán...” Tamén tanxían a Anxelus, chamaban á Misa e anunciaban as festas. O campaneiro, cando remataban as mallas, pasaba polas casas da parroquia e quen dáballe ovos, quen fabas, quen chourizos e, os máis, medio ferrado de pan.

Hoxe xa non hai campaneiro. Hai anos que tamén el emigrou e as campás esqueceron a súa fala.

Manuel Rodríguez López
Do libro-programa FESTAS DA VIRXE
DAS DORES DE PARADELA
Concello de Paradela, 1989

Estoupan os foguetes polo ceo,
a música enche tódolos recantos,
saen en procesión da igrexa os santos
e o camiño, afervoadado, avanta cheo.

A mocidade enceta un parrafeo,
a vila esquece un intre dor e prantos,
da caste celta óense enxebres cantos,
aturuxos e o gaiteiro garuleo.

O Cruceiro, enfeitado con bandeiras,
preside a festa do Patrón do pobo
e bendice ós paisáns e as sementeiras.

Non é penedo amorfo, morto ou cego;
é o compañeiro fiel, sempre novo,
fillo do inxenio do solar galego!

Manuel Rodríguez López.
Do libro SAUDADE NO BULLEIRO
(Ed. Celta-Lugo, 1970).



Concello de Paradela



Concello de Paradela